

Pleno Extraordinario do Comité 05/10 - 12 de marzo de 2010

A continuación do Pleno Extraordinario onde se trataron as modificacións do Regulamento, celébrase este, para a elección do Presidente do Comité, lembramos que o anterior dimitiu do seu cargo hai unhas semanas.

Pleno para a elección do Presidente do Comité

CCOO presenta un candidato: Juan Eusebio Sánchez Bonet.

UGT aclara que non é o seu candidato pero van votar por el.

Dende a CIG entendemos que o candidato que presenta CCOO non semella o máis axeitado para o posto, tendo en conta o seu comportamento nalgúns Plenos, non podemos votar a favor deste candidato. O resultado da votación é o seguinte.

- A FAVOR – 13 (CCOO + UGT)
- EN CONTRA – 2 (1 CIG + STC)
- ABSTENCIONS – 4 (1 CIG + AST + CGT)

O candidato sae elixido ao acadar os 2/3 dos votos favorables.

Como levamos dito nas semanas anteriores á celebración deste Pleno, non nos convence o cambio de Presidente proposto por CCOO, non agochamos as nosas opinións a ninguén e polo tanto todos os delegados e delegadas do Comité saben cal é a nosa postura, como tamén a sabe o conxunto de traballadores e traballadoras.

Xa o comentamos no informe do Pleno Extraordinario para a modificación do Regulamento, por riba de loitas con outros sindicatos está a defensa dos dereitos dos traballadores, non usamos o Comité como elemento de propaganda electoral como fan algúns. O Comité está para defender os intereses dos traballadores e traballadoras e cando non fai o seu traballo ninguén poderá dicir que é por culpa da CIG.